

Índice de confianza do consumidor. Xaneiro 2006.

COMUNICADO

**Segue mellorando a percepción dos consumidores galegos
acerca da situación económica**

Soben os saldos dos dous indicadores resumo principais

O Índice de confianza do consumidor (ICC) e o índice de sentimento do consumidor (ISC) confirman a súa tendencia ascendente iniciada en decembro de 2005.

Indicadores resumen

Unidade: saldo respostas en %

	ICC	ISC
2005		
Xaneiro	-23,7	-29,9
Febreiro	-22,1	-26,8
Marzo	-22,5	-28,7
Abril	-18,9	-28,2
Maio	-17,7	-27,8
Xuño	-15,2	-28,1
Xullo	-14,2	-25,1
Agosto	-16,9	-26,0
Setembro	-19,5	-26,9
Outubro	-21,1	-29,0
Novembro	-23,3	-30,7
Decembro	-22,5	-29,2
2006		
Xaneiro	-21,5	-28,7

Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor


Melloran as perspectivas de evolución dos consumidores galegos

Neste primeiro mes do ano 2006 estes saldos son a mostra dun lixeiro optimismo de cara aos próximos meses. Melloran as perspectivas de evolución do emprego, da situación financeira persoal, da situación económica en Galicia e dos prezos.

Así, con esta perspectiva, a posibilidade actual de aforro subiu catro puntos e a oportunidade de facer grandes compras en máis de tres.

Nova melloría no saldo relativo ó nivel actual da situación financeira persoal

O saldo relativo ó nivel actual da situación financeira persoal mellora novamente, esta vez en dous puntos, con respecto ao pasado mes de decembro. Este saldo segue a ser o máis estable e con mellor resultado da enquisa e este mes abandona os valores negativos e acada un valor totalmente neutral.



Fonte IGE. Índice de confianza do consumidor

Definicións:

Índice de confianza do consumidor: media simple dos resultados das preguntas relativas á situación económica futura do fogar e da Comunidade Autónoma, capacidade futura de aforro e evolución do número de parados.

Índice de sentimento do consumidor: media dos resultados das preguntas relativas á oportunidade de facer grandes compras e á situación financeira persoal e de Galicia (tanto a evolución pasada coma as perspectivas de evolución).

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es